



# CONCELLO DE LAZA


RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

Rexistro  
Saída  
982  
25/11/2015

SEC 2015-279

DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE

CONVENIO SOBRE TRANSPARENCIA E ACCESO A INFORMACION PUBLICA



DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE  
RUA DO PROGRESO, 32  
32005 - (OURENSE)

En Laza a, 25 de Novembro de 2015

**ASUNTO:**  
**ADHESIÓN A CONVENIO EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA**

Sr. Presidente:

En relación có asunto de referencia achégolle certificación do acordo que adoptou o Pleno deste Concello na súa sesión do pasado 24.11.2015.

O Primeiro Tenente de Alcalde,

Asdo. Víctor Saínza Saínza.



# CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

SEC 2015-279

DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE

CONVENIO SOBRE TRANSPARENCIA E ACCESO A INFORMACION PUBLICA

En Laza a, 24 de Novembro de 2015

**SANTIAGO LORENZO TABOADA, SECRETARIO DO CONCELLO DE LAZA (Ourense),**

## **C E R T I F I C O:**

Que segundo se desprende do borrador da acta correspondente, o **PLENO DO CONCELLO** en sesión que se celebrou na data que Se dirá, en relación có asunto expresado, adoptou o seguinte **A C O R D O**:

### **PLENO EXTRAORDINARIO DE 24 - 11 - 2015**

**"5º. ADHESIÓN, SE PROCEDE, AO CONVENIO MARCO DE COOPERACION DA DEPUTACION DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA.**

Por parte da secretaría, danse unha serie de explicacións sobre o asunto.

Tralo que o Pleno, ao ter en conta que:

A Lei 19/2013 do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bó Goberno, ten como consecuencia que con efectos do 1 de xaneiro de 2016 todas as Administracións Públicas españolas teñen que cumpritr coas obrigas de publicidade activa que a devandita Lei impón ás administracións públicas.

Este Concello ao igual que moitos outros da Provincia, carece dos sistemas que permitan o cumprimento destas obrigas.

Coñecedora desta realidade, a Deputación Provincial propón a adhesión a un convenio marco dirixida a todos os concellos da Provincia, para garantir o cumprimento das obrigas municipais en materia de transparencia.

Mediante acordo plenario do 25 de setembro de 2015, a Deputación aprobou un convenio marco de cooperación en materia de transparencia e acceso á información pública.

Por todo o exposto e ao resultar que neste momento o único xeito de dar cumprimento as obrigas do Concello en materia de transparencia é mediante a cooperación da Deputación Provincial de Ourense, o Pleno, por unanimidade dos seus sete membros presentes (6 PP, e 1 PSdeG-PSOE), dos nove que legalmente o forman, o que representa a maioría adbsoluta do seu número legal de membros (e có que se cumpre a esixencia do Art. 47.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local), **ACORDA:**



## CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

**PRIMEIRO:** Aprobar a adhesión do Concello de Laza ao convenio marco de cooperación da Deputación Provincial de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

**SEGUNDO:** Transferirle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal de Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bó Goberno, nos termos previstos no dito convenio.

**TERCEIRO:** Designar como persoa responsable da execución do convenio a Concepción Blanco Piñeira, auxiliar administrativo, funcionaria da corporación, non obstante o anterior, facúltase expresamente ao alcalde para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta ao Pleno".

Para que conste, expido esta certificación coa salvidade e reserva a que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, por orde do Sr. alcalde e co seu visto e praxe, en Laza e na data arriba indicada.

Vº e Praxe

O alcalde

